

# LOS DESHEREDADOS\*

[Laura Ferrés, 2017]

# 318

ESTREA EN NUMAX: 15.12.2017 | V.O. | TP

*Los desheredados* (2017, 18')

**Dirección:** Laura Ferrés

**Guión:** Laura Ferrés

**Participación:** Pere Ferrés

**Montaxe:** Diana Toucedo

**Fotografía:** Agnès Piqué Corbera

**Música:** Joe Crepúsculo

**Produtoras:** Inicia Films (España)

**Distribuidora:** Sherlock Films

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Español

## FILMOGRAFÍA

*A perro flaco*, 2014 [curtametraxe]

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Premio Discovery),  
Vila do Conde 2017 (Premio UIP),  
Alcine 2017 (mellor guión e actor  
—Pere Ferrés—)

## SINOPSE

Entre o documental e a ficción, atopámonos ante un retrato do pai da directora, que nos presenta a fin do negocio familiar de Pere Ferrés. A situación económica nos últimos anos fixo que o protagonista se vise obrigado a botar o peche ao seu negocio, e con iso, tamén a unha longa etapa da súa vida.

\* **A proxección desta curtametraxe realizarase independentemente das demais longas e contará cunha tarifa especial reducida:**

Xeral: 2€ | Reducida: 1,5€

Xeral fin de semana: 2,5€ | Reducida fin de semana: 2€

«Unha comuñón inquebrantábel impregna o relato dunha calidez auténtica, a verdadeira forza de *Los desheredados*»

Carlos Chaparro, EL CINE EN LA SOMBRA



## “Paréceme moi interesante desdebuxar as liñas entre xéneros”

Entrevista con Laura Ferrés

Por Ramón Rey

### Cando decidiches que *Los desheredados* ía ser o teu seguinte filme e que ías utilizar a teu pai de protagonista para a túa nova obra?

Había xa varios anos que me apetecía facer algo coa miña familia. Ademais, o lugar de traballo de meu pai, un taller de autocares, parecía un lugar moi cinematográfico. Pero non acababa de atopar a historia que realmente me motivase a levalo a cabo. Hai un ano, cando meu pai me dixo que tiña que pechar a empresa porque a raíz da crise cada vez ía peor, deime de conta de que era o momento de facerlle un retrato. Foi todo moi rápido, en cuestión de dous ou tres meses el pechaba. Tiven que pensar que quería facer alén dun retrato. Daquela a postproducción si que se alargou máis, pero de entrada tiven pouco tempo para poñelo todo en marcha.

**A diferenza fundamental con *A perro flaco* (2014) é que pasaches dunha primeira curta de ficción pero moi enraizada na realidade social que ten formas máis próximas ao documental para capturar esa mesma realidade. Obviamente non cres**

**nesa diferenciación entre ficción e non ficción.** No momento en que pos unha cámara, aínda que pretendas facer un documental puro, tampouco é así. Paréceme moi interesante desdebuxar as liñas entre os xéneros e que o espectador se pregunte que pode ser máis verdade ou mentira, pero si que pode estar ficcionado. E que acaben de construír o relato ao seu xeito. A min polo menos como espectadora gústame bastante. En realidade, cando empecei a darlle voltas ao proxecto houbo un momento en que me enganei un pouco a min mesma e pensei que como á fin e ao cabo ía rodar co meu pai e era a primeira vez que el estaba diante dunha cámara, o mellor sería que todo fose moi intimista e que case fose eu cunha cámara e pouco máis. Púxenme a escribir o guión, onde o que fixen foi envorcar anécdotas que ocorreran nalgún momento da nosa vida. Tamén inventar cousas, porque ás veces estas anécdotas non cohesionaban ben. Logo xa na rodaxe xurdiron cousas máis espontáneas. Vin que realmente todo estaba tomando un camiño que non podía levar soa. Por eses motivos fun do documental á ficción. Por exemplo, non tiña pensado que nun primeiro momento aparecese a miña avoa mais ao final o propio relato acabou pedindo.

**A túa propia mirada está incluída no que se ve como unha presenza na pantalla.** Ao principio, cando estaba pensando que facer con todo isto, tiña a dúbida de se estar presente ou ficar á marxe e decidín isto último porque era

un xeito de centrarme máis no meu pai e a súa situación. Ademais, creo que sería demasiado complexo falar da relación que teño co meu pai.

**A proposta formal de *Los desheredados* é moi diferente de *A perro flaco* con eses planos fixos, a música exclusivamente diexética, o uso da profundidade de campo, todo de forma coherente con ese compromiso por transmitir unha veracidade desprovista de artificios nas súas imaxes.** A verdade é que as dúas curtas formalmente son moi distintas, porque a primeira é cámara en man e nesta a cámara está fixa. O caso é que cando escribía o guión a historia pedíamo. Non é algo que impuxese eu. Imaxinábaos así. Doutra banda paréceme moi interesante traballar con poucos elementos e exprimilos ao máximo. Rodamos con luz natural, as localizacións son reais e apenas hai intervención artística. Tampouco había maquillaxe, perruquería... é un xeito de facer que sinto máis próximo. Ao final todo responde a un impulso, a unha intuición de como facer as cousas. Nos últimos anos traballei moito en publicidade, que é o oposto a isto, e se cadra por iso tentei facer as cousas que máis me apetecían, de xeito sinxelo. Poñer os pés na terra e dicir «co que hai, fagamos algo».

Publicado en [www.cinemaldito.com/](http://www.cinemaldito.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Cofre Hong Sang-soo.* Intermedio [DVD]

*Ahora sí, antes no, Hong Sang-soo.* Cameo [BR & DVD]

*Woman is the Future of Man, Hong Sang-soo.* New Yorker Video [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**Abónate  
e ven sempre  
por 4,5€**

**Faite  
NUMAX!**